

A violencia de xénero non é conto ningún!

Para conmemorar o Día contra a violencia de xénero, o Equipo de Dinamización Lingüística convídate a que participes no concurso:

Historias do 25N

PARTICIPANTES

Pode participar todo o alumnado matriculado no curso 2019-2020, de xeito individual ou en parellas. A participación implica a aceptación das presentes bases.

CARACTERÍSTICAS DA PARTICIPACIÓN

Os participantes redactarán un conto orixinal sobre unha historia do 25N (esperanza, violencia, (des)igualdade, (des)ilusións, etc.) de 100 a 300 palabras, con título, e ben enviarano por correo electrónico ao enderezo endl.eoi.vga@gmail.com ou ben entregarano ao docente do grupo. Os contos poderán estar redactados nun idioma impartido no centro e en galego, ou só en galego, accedendo así a dúas categorías distintas de premios.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS CONTOS

Data límite de entrega: xoves 21 de novembro.

XURADO E VOTACIÓN

O xurado para a 1ª e 2ª categoría de contos estará composto polos integrantes do Equipo de Dinamización da Lingua (docentes de Inglés, Italiano e Portugués, e máis un alumno), e polas persoas Coordinadoras de Culturais dos departamentos de Alemán e Francés. O alumnado escollerá o conto gañador da 3ª categoría o luns 25 de novembro.

O xurado resérvase a decisión de declarar o concurso deserto no caso de non haber un número de contos suficiente.

PREMIO

Haberá tres categorías premiadas. Cada gañador recibirá un vale de 100€ canxeable na librería Nobel de Vilagarcía.

1ª categoría: contos redactados en dúas linguas (impartida na EOI e galego).

2ª categoría: contos redactados só en galego.

3ª categoría: o conto máis votado polo público.

Os contos premiados anunciaranse o luns 25 de novembro ás 18.00 na Biblioteca da EOI.

PUBLICIDADE

Para que toda a comunidade escolar poida lelos, os contos publicaranse na páxina web da escola. Durante a celebración do evento, o centro poderá tomar imaxes para a súa posterior publicación na web do centro e/ou difusión en Twitter.